

A política no blog: onde está o debate?

Roberto Vázquez Noguero
Santiago de Compostela - GALIZA
Email: roberto.noguerol@gmail.com

Resumo

Desde o punto de vista da relación da política e os blogs, o escenario onde medra a comunidade de bitácoras debe entenderse dentro dun conxunto amplo e heteroxéneo de factores. Condicionado polas institucións, os actores políticos, tanto persoas como organizacións, medios de comunicación, a evolución das axendas políticas, e todo un abano de claves socioculturais diversas. O traballo fai un breve resumo da relación da introdución de internet e o contorno político galego ao longo dos últimos anos, dos puntos de inflexión na evolución dos blogs galegos, nomeadamente da recente colleita de blogs políticos, sinalando défices ou características comúns. Apúntanse ademais posibles liñas de traballo futuras, nun contexto onde se aproxima un novo momento de inflexión posible, as próximas eleccións municipais, no camiño cara a un verdadeiro ecosistema blogopolítico imposible aínda de debuxar en contornos claros na nacente situación actual.

A política no blog: onde está o debate?

O rol da bloguesfera política galega actual permanece aínda a moito camiño das escenas blogopolíticas maduras máis coñecidas, nomeadamente a estadounidense, moi especialmente caracterizadas nese caso polo recoñecemento da súa crecente importancia na política daquel país (1).

Desde un punto de vista informativo, para os medios tradicionais, os weblogs son aínda un elemento susceptible de informar sobre el unicamente pola súa propia existencia, vencellados ao crecente protagonismo das novas tecnoloxías na vida dos cidadáns, pero non aínda en canto ao que estes weblogs contan. Podemos pensar en todo caso que o crecente papel de internet nas redaccións xornalísticas e o número cada vez maior de xornalistas co seu propio blogue, contribúe a levalos á actualidade dos media tradicionais, pero aínda nun xeito moi superficial. A relación dos blogs políticos e media noutros países vén sendo un tema de moita interese. Tense visto por exemplo o impacto particular que as bitácoras poden achegar ás redaccións dos medios; o desafío do

volume de informacións personalizadas; a credibilidade dos blogueiros como fonte informativa; a advertencia de que "os rumores non son noticia"; o uso dos blogs como complemento informativo a través da cita ou o hipervínculo; as bitácoras dos propios xornalistas, ben como espazo de lecer, como contexto de especialización, como apoio dos xornalistas de opinión, como espazo para ampliación de informacións ou mesmo como sección individualizada do propio medio de comunicación (2). João Canavilhas subliñou ao respecto que o paso dos blogueiros á esfera pública "parece continuar depender do impulso dos media tradicionais polo que se podería dizer que actualmente os blogs aínda non xeran novos actores" e agoirou que probablemente a blogosfera forneza "a próxima Xeración de páxinas editoriais e de opinión", espazos con peso clave cara á opinión pública (3).

Na súa análise sobre a política, poder e blogs (4), os profesores Daniel W. Drezner e Henry Farrell introducen a reflexión cunha interesante anécdota, ao fío da demisión do senador Trent Lott logo dunhas polémicas declaracións. O suxestivo do caso para o que nos ocupa, é que as afirmacións de Lott tiveran a súa cobertura clásica na prensa tradicional e presuntamente desapareceran da actualidade pública. Mentres, a blogosfera seguiu durante días o debate sobre as palabras do senador, ao que se acusaba de afirmacións racistas, até que nun momento dado, case unha semana despois, a prensa tradicional recuperounas e destacounas, desembocando na demisión do aludido pouco despois (5). Drezner e Farrel explican que segundo unha análise clásica non podería considerarse que os blogs fosen unha variable causal na caída de Lott, porén subliñan que foron neste caso unha variable moi importante.

O estudo anterior advirte que aínda no volume inmenso dun blogomundo con milleiros de bitácoras e cunha porcentaxe de lectores moi baixa respecto aos medios tradicionais, os blogs amosan

a capacidade de crear, destacar, recuperar e relanzar temas para axenda política. E refírense a varias causas relacionadas: a rapidez coa que propoñen unha interpretación arredor de determinados temas, a lectura que deles fan xornalistas e analistas políticos tradicionais, a aparición de elite-blogs a destacárense entre os demais e que chegan a ser peneira de moitos outros, tendo un papel decisivo á hora de concentrar a atención sobre historias que semellaban ir pasar inadvertidas.

Interésanos analizar o impacto político das novas tecnoloxías nunha triple dimensión: Por unha parte o aspecto horizontal, condicionado polo intercambio establecido entre os propios cidadáns. Doutra volta temos a visión vertical, que vén dada pola relación posíbel que abrolla entre os propios cidadáns e a clase política. Un terceiro aspecto sae do referente das institucións políticas fundamentais. Todo o abano de posibilidades, consecuencias, oportunidades ou mesmo obstáculos que as tecnoloxías da información e a comunicación impliquen nese escenario político, terán que ver coa definición dese impacto que lle atribuímos ás TIC sobre a sociedade, en último caso, da capacidade transformadora sobre a propia sociedade que impliquen as novas tecnoloxías. Nese dilema trataremos de establecer criterios claros que nos permitan debuxar un esquema que introduza rigor e un término medio nas perspectivas máis ciberoptimistas que chegan a concederlle un poder case máxico á chegada das TIC, prognosticando diferentes formas de revolución democrática en función do seu impacto.

De xeito concreto, no que lle toca ás bitácoras persoais e a súa entrada con forza no escenario político, onde as implicacións, preguntas, posibilidades e condicionantes que abre esta nova ferramenta son moitas, da triple dimensión mencionada, os blogs interveñen fundamentalmente no primeiro aspecto mencionado, no intercambio a producirse entre os propios cidadáns. O destaque do

potencial democratizador dos weblogs chega vencellado aos propios agoiros máis optimistas sobre a chegada dunha novidosa etapa de "democracia electrónica" subliñando a importancia destas novas canles e as súas potencialidades informativas, da apertura a novas voces, do incremento de transparencia nos discursos sociais. Ao fondo do camiño aparece un suxerente futuro caracterizado por dinámicas políticas onde a hexemonía das institucións políticas tradicionais, desde os propios parlamentos até os partidos políticos, esmorecen na inercia das TIC, e perden forza en beneficio de dinámicas sociais máis participativas, onde os cidadáns retoman o interés pola axendas políticas coa axuda das novas ferramentas tecnolóxicas e pasan a ter un control máis directo sobre as decisións que lles afectan ás súas vidas.

O caso galego

No momento de escribirmos estas liñas, apenas tres parlamentarios galegos dispoñen de blog só dous alcaldes teñen a súa bitácora e completan a galería un reducido número de militantes. A nivel estatal (6), as cifras non son moito mellores, con dúas ducias de deputados con páxina persoal, a metade deles con bitácora incluída, e catro senadores e seis eurodeputados con blog. No contorno do Estado destácanse claramente os cataláns, que entre concelleiros e deputados autonómicos suman máis de vinte diarios persoais. Á beira, nos indexadores que organizan arredor de categorías, poucos blogs aparecen autodefinindo a súa temática como "política", e algúns deles escollen tamén algún outro andel paralelo onde situar o seu perfil. Non quere iso dicir que os blogueiros non falen de política nos seus diarios, pero si se atopa unha certa indefinición e ausencia de especialización. Con todo, a tendencia a introducir a análise política nas bitácoras parece aumentar nos

últimos tempos. As últimas eleccións autonómicas, o cambio de goberno, procesos sucesorios, rifas internas e a sensibilidade especial cara ás TIC dalgúns militantes, debuxan un novo escenario a cada paso máis vizoso aínda que un chisco caótico até o de agora.

Xa que logo, na aínda pequena experiencia que acumula a blogomillo galego neste escenario que reúne a blogs e política, as mostras son variadas e heteroxéneas. O blog político como tal é escaso, nin desde o punto de vista do cidadán que decida opinar estritamente sobre o que se considera a actualidade política, nin desde o punto de vista do político profesional, que no seu diario acostuma a mesturar temas e referencias, sen visións nin patróns claros aínda do que se quere dicir ou de como se quere dicir.

Cadernos políticos e reformulación de mensaxes

Argumentamos a idea de que internet a xeito xeral, e os weblogs de modo particular, non lle axudan ao político, senón que noutro sentido, poden axudarlle á política, e nese sentido, a aqueles políticos que crean que cando a democracia se beneficia, todos nos beneficiamos. A web personal e o blog tipo do deputado no Estado español está aínda en proceso de definición e renuncia a levar a actualidade da súa actividade diaria a internet e fracasa no potencial de poñela disposición da comunidade de cidadáns internautas. As bitácoras dos deputados priorizan o tratamento dalgúns grandes temas da actualidade mediática, e ocúpanse de divagacións persoais, quedando no segundo plano o detalle da súa actividade nas comisións, subcomisións e ponencias das que forman parte, e ofrécennos escasa información dos debates nos que interveñen. Dalgún xeito, á luz dos seus escritos, a súa presenza na rede parecería estar motivada por unha necesidade de reafirmación da súa voz e de proxección da súa figura, máis que por unha vocación

didáctica respecto da súa actividade como representante do cidadán, ou unha vontade real de botar man de internet en xeral e dos blogs en particular como ferramentas para o seu labor e achegamento cara aos cidadáns. Á fin, dar o paso de poñer na rede un weblog non é un primeiro grao de activación, pero non deixa de ser un chanzo moi sinxelo de avanzar. A consideración da bitácora como elemento dinámico dunha estratexia máis complexa de uso das novas tecnoloxías requiriría de pasos máis ambiciosos. Unha mostra aleatoria de deputados do Bundestag alemán, por exemplo, achegaríanos resultados cualitativamente ben diferentes, amosando un maior grao de evolución cara a esa interrelación múltiple de recursos e voces entre institucións, políticos e cidadáns: Deputados que recollen as súas intervencións en sede parlamentaria, o que preguntaron e o que se lles respondeu; capaces de organizar tematicamente o seu traballo en web; que poñen en relación os asuntos máis directamente vencellados co seu ámbito de especialización con recursos de apoio... Exemplos posíbeis de como un blog pode deixar de ser un concepto ríxido que nos fai pensar nas ferramentas popularizadas coas que calquera pode comezar a poñer a súa voz na rede, para pasar a apostar pola súa flexibilización en función das necesidades da práctica política habitual.

No contorno próximo vemos que o acceso dos políticos á bloguesfera é un tanto impreciso e cando se produce vai caracterizado máis polo feito de "estar" na rede, sen vir inserido nun proxecto máis amplo sobre "o que facer" na rede. As iniciativas xorden de feito a título individual, sen unha estratexia xeral dos partidos cara ás TIC, e unha prevención en particular cara ás páxinas persoais. Máis aló das campañas, a ambición das formacións políticas é escasa neste ámbito. Desde o punto de vista das institucións non existen modelos para facilitar por exemplo a interrelación da propia

actividade parlamentaria dos deputados cos cidadáns a través da rede, estando así os blogs ausentes dos escanos.

Á vista destas limitacións no noso contorno próximo, insisto, internet como tal será un catalizador de químicas sociais e políticas posibles, e non unha pedra filosofal que convirta utopías en tanxíbeis. As bitácoras son unha boa expresión destas posibilidades, e chegan como un ingrediente máis a catalizar esa reacción da química social que entendemos por democracia e que en último término é a construción que todos nós facemos cada día do presente e do futuro posible. Ignacio Escolar e Juan Varela subliñan que "a verdadeira revolución da política dos novos medios é que non teñen os vellos protagonistas", apuntando que os blogs axitan a escena habitual e crean redes de participación "onde se debate e propón, á marxe das estruturas clásicas do sistema de partidos" (7). Alén da realidade desa reflexión, no fondo vemos que incluso acontece algo máis, xa que á fin non é estritamente que o debate e as redes sexan alleas ás estruturas clásicas, senón que contribúen a que esas estruturas evolucionen e se transformen.

En que medida é real o efecto TIC?

Desde unha certa perspectiva, poderíamos considerar que as novas tecnoloxías recuperan e relanzan o interese dos cidadáns pola realidade política á que está vencellado. A súa rapidez, a flexibilidade ou a dimensión interactiva, son todos eles factores que non só fan moito máis doado para o cidadán o acceso a información e a consulta de puntos de vista diversos, senón que alén diso, posibilitan que asuma un rol activo e mesmo a súa propia produción informativa, e o debate e contraste de pareceres con outras persoas. Nun chanzo máis aló, ese intercambio estimularía a posibilidade de novas formas de organización e acción offline tanto individual como colectiva,

ofrecéndolle aos cidadáns a oportunidade de participar dun xeito máis próximo no deseño, elaboración e implementación das políticas públicas. O ideal insinúa que as decisións peneiradas a través dese proceso participativo gañan en lexitimidade sobre o modelo clásico das democracias representativas.

Con todo, unha primeira prevención fronte aos máis optimistas sae dunha alerta posíbel logo de atendermos aos indicadores sobre a introducción das novas tecnoloxías na sociedade. Computadores, conexións, a que ritmo penetran socialmente e quen son os primeiros en facer uso delas? Os estudos demográficos amosarían que o privilexio das TIC gózano inicialmente os estratos sociais máis desafogados economicamente e con maiores niveles de formación. Á beira, podemos intuír que o propio uso das novas canles de participación política será patrimonio exclusivo desas elites. Trataríase entón dunha reprodución das diferenzas socioeconómicas preexistentes, é dicir: as TIC poderían estar mesmo axudando a consolidar o rol protagonista de determinados actores políticos que xa estaban nun primeiro plano antes da popularización dos novos trebellos. Así, é á hora de tratar os temas políticos, de quen son os as bitácoras principais, políticos, académicos, empresarios, membros próximos a lobies económicos?

Nas institucións: A distorsión das ferramentas

No último ano, o Parlamento galego afrontou a novidosa introducción de ferramentas para os seus deputados. Equipos informáticos nos propios escanos e nas salas de comisións, para ter conectados aos parlamentarios e posibilitarlles a consulta de información, alén dos equipos dos que dispoñen nos seus despachos. É un exemplo de como os esforzos se centran de momento na dispoñibilización de ferramentas. Por riba, na presentación da

iniciativa destacábase que se buscara a sinxeleza na súa utilización de forma que os deputados poderían usar as aplicacións sen necesidade dun adestramento específico. Xa que logo, ningún proxecto de momento para a formación dos deputados nas posibilidades que lles ofrecen as TIC. Aínda con evidentes eivas, entre os pasos a destacar na Cámara galega nos últimos anos destaca a progresiva organización da información na súa web, a dispoñibilidade das axendas, materiais e algunhas novas relacionadas e a emisión en tempo de real de plenos e comisións parlamentarias, aspecto que alén do interese cara ao cidadán, desde un punto de vista xornalístico facilita o acceso a comparecencias que doutro xeito sería complicado seguir.

Con probabilidade, un dos desafíos a medio prazo será a peneira e a elaboración do volume de información que a web parlamentaria será progresivamente capaz de ofrecer. O Parlamento por exemplo, vén de anunciar a iniciativa para a creación da súa propia canle de tv en internet, coa intención de ser algo máis que unha simple fiestra de emisión da actividade, pasando a un nivel de información máis elaborado, con resumos, reportaxes e entrevistas. A capacidade de interrelación con outras institucións amosa neste punto potencialidades interesantes. Pensemos por exemplo, se alén de afrontar a custosa posta en marcha dun proxecto similar, a Cámara fose capaz de establecer un acordo de colaboración coa televisión pública e dispoñibilizar en liña e reforzar os programas adicados ao seguemento da actividade parlamentaria.

A percepción mediática da incapacidade dos parlamentarios para manexarse nas ferramentas electrónicas e vista con paradoxal humor, e mesmo o recoñecemento da súa frouxa alfabetización tecnolóxica non é presentada polos propios políticos como unha incapacidade que prometan resolver a curto prazo (8). Tomando o Parlamento de Galicia como referencia vemos xa que logo que está

fundamente infrutilizado, e que nin sequera contempla a posibilidade de que parlamentarios con web propia ou blog poidan vela referenciada na web da Cámara. Neste caso apenas serían cinco parlamentarios os que dispoñen de web, os tres que competiron pola sucesión no PPdeG, o popular ourensán Manuel Baltar e o socialista Xosé Manuel Lage, e só estes dous últimos son blogs e activos. Malia iso, podería pensarse que se cadra unha ligazón na web parlamentaria, inexistente agora, estimularía a outros a daren o paso. En webs de parlamentos europeos, pensemos por exemplo outra vez na alemá, que é unha das mellores referencias onde mirar, o espazo reservado para os deputados amósalle ao cidadán abondosa información para o contacto e a revisión da actividade política de quen o representa, ademais de que, no caso alemán, o 99% conta coa súa web propia alén do espazo fornecido pola Cámara e onde sempre podemos atopar ligazón á web persoal do deputado.

Os partidos galegos: frouxa ambición TIC

É necesario destacar que a comunidade blogueira medra en Galiza nun contorno onde as novas tecnoloxías foron durante moitos anos un asunto residual nas axendas políticas do país. Iso, unido ao lento acceso dos cidadáns a internet, convertiu en menor a preocupación dos partidos polas súas estratexias no novo entorno virtual. Xa que logo, na maioría de indicadores que poidamos seleccionar a nivel estatal, Galiza veu aparecendo sempre e desde hai anos nas últimas posicións, tanto a nivel de acceso como de uso das TIC (9). A escasa preocupación desde o executivo autonómico coincidiu ademais cun moi limitado interese desde os partidos que daquela estaban na oposición, pouco inclinados por elaborar propostas, introducir temas TIC no debate público ou incorporar nos seus programas iniciativas para virar esa situación. Lentitude e pouca

ambición foi unha característica de todos eles, tanto do partido no poder como da oposición.

Xa que logo, as limitacións das estratexias dos partidos en internet retroalimentan este propio escenario. É paradoxal por exemplo que formacións como o PSdeG ou máis especialmente o BNG non vexan a potencialidade TIC. Por un lado son conscientes dos estudos estatísticos que amosan que o seu crecemento electoral vai impulsado fundamentalmente polo elevado apoio en contornos urbanos das sete principais cidades e que estean maioritariamente apoiados polo treito de votantes de mozos e mozas. Doutra beira podemos cruzar eses datos coa estatística que amosa como o acceso á rede en Galiza veuse identificando tamén con ese perfil de mocidade urbana. Malia todo, a rede non foi prioritaria nin para socialistas nin nacionalistas. Ao tempo, desde o PPdeG, conscientes das eivas para a captación do voto novo e cavilando como conseguir reconverterse a unha imaxe de modernidade, a web tamén foi un elemento residual.

De modo xeral podemos dicir que as webs dos tres principais partidos foron e son fluxos clásicos de información e comunicación de arriba cara a abaixo, usando a web como canal de provisión de información entre o partido e os cidadáns, de arriba cara a abaixo. As páxinas quédanse en instrumento de presentación de información partidista e fracasan á hora de facilitar a participación de cidadáns e votantes potenciais, e nin sequera ofrecen oportunidades participativas para militantes e simpatizantes. De xeito concreto, o PPdeG levaba anos coa súa web desaparecida ata as portas da campaña das autonómicas de 2005, momento no que presentou unha web un chisco sofisticada demais, requería de banda larga para unha correcta navegación, en terras onde a banda larga estaba dando aínda o salto. Pola súa parte, o PSdeG optaba basicamente por cingirse a un formato de web fornecido pola propia web nai do

PSOE. E o BNG, desta volta, nin sequera experimentaba a estratexia usada en comicions anteriores, caso dos europeos, xerais e municipais, onde presentara webs específicas para eses procesos electorais, calquera delas ben máis ambiciosa que a habitual do partido, pero todas elas desaparecidas á fin desas votacións. Iso si, desta volta todos eles presentaron a súa web específica para o cabeza de lista candidato a presidir a Xunta de Galiza, respectivamente Manuel Fraga, Emilio Pérez Touriño e Anxo Quintana.

Tanto PPdeG, como PSdeG e BNG (10) usan as súas webs a xeito de simple escaparate, restrinxindo máis, alén de ser un escaparate son case que só un arquivo de notas de prensa. Cualitativamente, os socialistas destácanse un pouco, desde o punto de vista da organización temática, inexistente nas de nacionalistas e populares. O BNG por exemplo, todo aquilo que excede do tamaño medio dunha nota de prensa pasa a destinalo á sección "descargas", caótico caixón de xastre. É significativo o apartado de ligazóns, desactualizado nos tres casos, sendo imposible a navegación, xa non entre webs de simpatizantes ou militantes, senón nin sequera entre as distintas webs das formacións locais.

O encontro máis sorprendente cos blogs prodúcese no caso do PP, que logo de prometer relanzar a súa estratexia web durante o último congreso do partido, provisionalmente decidiu redireccionar o seu enderezo PPdeGalicia.com cara a unha bitácora aloxada no propio servizo Blogspot de Blogger, onde diariamente introducen as súas notas de prensa. No caso do BNG, a aproximación máis significativa ao fenómeno blog prodúcese durante as pasadas eleccións autonómicas, onde o propio candidato a presidir a Xunta e agora vicepresidente, Anxo Quintana, asinaba un blog. Ademais, por outro lado, a cabeza da lista pola provincia de Pontevedra, Carme Adán, saltaba á rede con outro weblog, neste caso baixo o seu propio

dominio e a petición dun medio de comunicación. No mesmo medio (11), escribía polo PSdeG o deputado Xosé Manuel Lage, que ao contrario, contaba cun blog moito antes da cita electoral, aínda que de irregular actualización. Pola súa parte, o PPdeG renunciaba a convidar a un representante do seu partido a bloguear no mesmo espazo fornecido polo diario. O movemento máis importante se cadra é o realizado en datas recentes polo PSdeG, que inclúe na súa web un espazo blog, onde recolle as achegas de diversos blogueiros socialistas galegos, como o propio alcalde da cidade de Lugo. Así e todo, non é estritamente un agregador, xa que calquera pode facer achega dun artigo enviándoo para a súa valoración a un correo electrónico.

Puntos de inflexión

Crises concretas, temas de impacto na actualidade e eleccións, son exemplo de como o seu salto ao primeiro plano da actualidade contribúe a axitar o escenario internáutico, relanzando e reformulando unhas iniciativas, xerando novas voces e consolidando outras.

Os procesos electorais sempre foron significativos na aparición de novidades e pequenas evolucións estratéxicas en Galiza. Momentos como as eleccións autonómicas de 1997 aparecen importantes, coas tres formacións principais brincando á rede, daquela un chisco por diante en canto a contidos e deseño o BNG, e incluso xa con webs a nivel local, como o PSdeG en Lugo, mentres o PPdeG aproveita o formato do partido a nivel estatal. Daquela, o xornal electrónico Vieiros fornece os primeiros debates políticos interactivos na rede galega. Da limitada importancia que lle daban os partidos á rede dá conta a nula vontade de dar a coñecer as súas webs, sen publicidade, sen mailings, sen actualización das páxinas,

sen resposta aos correos electrónicos... (12) O mesmo acontece en 1999, onde se lle dá outro pulo á presenza dos políticos na rede e ao debate sobre as axendas políticas, e vemos as primeiras aparicións serias de webs de candidatos ás alcaldías, caso do ferrolán Juan Blanco, polo PPdeG, o socialista Carlos Príncipe, polo PSdeG, ou o pioneiro e máis ambicioso Dositeo Rodríguez, candidato do PPdeG en Santiago de Compostela. Á beira, aumentan as webs de candidaturas independentes e dos principais partidos pero a nivel local e realízanse os primeiros e exitosos chats de internautas galegos con candidatos políticos.

Un factor importante entre finais dos 90 e comezos do 2000 son as polémicas respecto ao control dos medios de comunicación por parte do poder, fundamentalmente desde a Xunta, a través de subvencións que presuntamente limitan a liberdade e a capacidade de movemento da prensa, e tamén o peso doutras institucións nas contas de ingresos dos medios, como son os concellos, aínda que fundamentalmente as deputacións provinciais. PSdeG e BNG critican nese tempo a belixerancia dos medios cara ás súas voces ou o ocultamento das súas posicións en favor da hexemonía da postura do partido no goberno, o PPdeG. Nese momento aparecen espazos como A Contrafío, Xornal, Galicia Información ou Estrella Digital Galicia, ademais do xa existente Vieiros, erixidos en recantos onde as forzas políticas da oposición conseguen voz en igualdade de condicións respecto ao partido gobernante, e tamén un amplo sector cidadá encontra sensibilidade para as súas voces nestes lugares menos dependentes do poder institucional. Porén, o seu crecemento en lectores e o seu peso fronte a por exemplo as edicións virtuais dos medios tradicionais en papel non se ve reflectido na consolidación dos proxectos empresariais. Dos mencionados só Vieiros e Xornal seguen activos na actualidade.

Con todo, vaise constatando así a percepción de que os internautas teñen máis doado o acceso a informacións, opinións e análisis que a prensa en papel lles estaba restinxindo. E un punto de inflexión virá acelerar esa percepción social da importancia da rede nese sentido: a crise do Prestige. O contorno do Prestige amosa tamén exemplo de como unha serie de grupos sociais poden reducir o custo organizacional dos seus labores de información e coordinación, facilitando a acción colectiva e a eficacia do seu traballo grazas ás TIC. Así e todo poderíamos sinalar que probablemente uns grupos se beneficiarán máis desta dinámica, especialmente serán os que xa teñan os seus resortes comunicacionais máis desenvolvidos os que aparecerán máis online e offline (13). Tamén deberíamos sinalar que o principal grupo activo neste tempo, a creada Plataforma Nunca Máis, na que desembocan os esforzos de moitos outros colectivos, tivo dúcias de páxinas webs estendidas xeograficamente fóra de Galiza alí onde houbera comunidades galegas, pero moi significativamente, a primeita web, antes incluso da oficial xurdida en Galiza, apareceu en Cataluña. Se pensamos na elevada porcentaxe de penetración das TIC no contorno catalán, vemos claro que cara a futuras investigacións é necesario ter en conta o modo en que as posíbeis conclusións varían a medida que aumenta a porcentaxe de usuarios das novas tecnoloxías. (14)

Cronoloxía recente

Na liña do que falamos, a crise do Prestige prodúcese nun momento anterior ao estoupido blog, e se ben desde unha perspectiva mundial da bloguesfera podíamos sinalar que o "Ano Blog" foi 2004, a inflexión en Galiza é máis tardía e produciríase en 2005. En todo caso, o estímulo do movemento social e a inercia das mobilizacións fronte ao naufraxio do petroleiro Prestige e fronte á

guerra de Iraq, reflicten unha significativa entrada con forza do debate sobre a actualidade política na nacente esfera de blogs. Pero habería que agardar a 2004 para contemplar propostas máis consolidadas. Así, e se no ámbito estatal as eleccións lexislativas dese 14M de 2004 servían xa para axitar o escenario blog noutras comunidades, en Galiza non se observan significativos exemplos dun seguemento continuado do debate electoral a través dos weblogs. Nesa altura por exemplo, a web Blogaliza aínda viña de pasar apenas dos 90 blogs rexistrados, e o diario Vieiros convida a algúns dos máis activos a introduciren un post de temática electoral nas súas bitácoras coincidindo con eses comicios xerais.

Xa que logo, haberá que agardar ás eleccións autonómicas de 2005 e os meses anteriores, unha longa precampaña co debate político acadando importante protagonismo. É nese tempo por exemplo, cando a empresa viguesa MasImpacto propuxo un portal específico adicado a acoller blogs unicamente adicados ao debate sobre as eleccións galegas (15). Con todo, non se trataba dun agregador de bitácoras ou de posts de bitácoras de temática electoral, senón unha ferramenta que de seu permitía a creación dun novo blog. Reuniu en poucas semanas un total de 62 bitácoras diferentes. Como media, a maioría delas apenas incluíron un par de artigos en todo o seu período de existencia, aparecendo desde un golpe de blogs con ningunha ou só unha actualización, até unhas, poucas, excepcións que superaron os vinte artigos. Cabería pensar en todo caso, considerando o número de lecturas de cada un destes blogs, que se ben a experiencia non foi un éxito desde o punto de vista da produción de contidos dos internautas, si amosou que había devezos na comunidade internauta por unha iniciativa deste tipo. O experimento estendeuse ao longo de catro meses, entre marzo e xuño de 2005, aínda que sen esforzos significativos na súa difusión e apenas publicidade. Podemos apuntar ademais a ausencia de

propostas de espazo para bitácoras nas edicións dixitais dos periódicos galegos, experiencia que se amosou interesante noutros lugares, como en Euscadi, coas ferramentas proporcionadas para tal fin polo Diario Vasco.

En todo caso, a cita electoral de xuño de 2005 foi un importante estímulo para o debate político no blogomillo. De xeito específico, serviu para poder comezar a delimitarmos unha nacente colleita de blogs políticos. Como veu sinalando Juan Varela en Periodistas21, este efecto é común ás eleccións autonómicas acontecidas noutras comunidades (16). Hai que dicir ademais, que ese período no tempo coincidiu de xeito xeral coa explosión do fenómeno dos weblogs en Galiza. A primeira enquisa a blogueiros galegos (17) presentada recentemente e con datos recollidos entre os meses de febreiro e marzo de 2006, amosa que nesa altura, máis da metade dos autores levaban un ano ou menos escribindo o seu blog. Vemos xa que logo, que no momento de saltar ao blogomillo unha gran maioría dos blogueiros, o debate político ocupaba amplo espazo nos medios tradicionais. Segundo a mesma sondaxe, só un 13.4% acumula unha experiencia blogueira maior a dous anos nese momento. Por certo, respecto ás temáticas, a apreciación que nos ofrece este estudo cóntanos das propias preferencias dos blogueiros galegos á hora de leren bitácoras diferentes á súa, e aínda que a peneira non ofrece datos concretos respecto á reflexión sobre a actualidade política, probablemente poderíamos considerar que queda por baixo do ámbito dos considerados blogs xornalísticos, que din ler o 32% dos enquisados. Por outra parte, vemos pegadas tamén do ámbito de interese que nos ocupa, na referencia da enquisa que nos conta que á hora de escribir, a posibilidade de "ofrecer información paralela á oficial" é unha motivación para manter un blog que din compartir o 21% dos preguntados.

A convicción de que coas eleccións autonómicas entrabamos nunha nova etapa da relación dos internautas coa esfera política reafirmouse pasado o verán e debido aos movementos internos do partido que deixaba o goberno despois de 16 anos consecutivos de maioría absoluta. A renovación e a loita polo novo reparto de poder no inminente proceso sucesorio aberto polo PPdeG tivo un importante reflexo en internet. Así, e ao tempo que desaparecía a web oficial do partido, a rede galega inzábase de bitácoras saídas do ámbito próximo á militancia e simpatizantes deste partido. Libertad Popular, Coruña Popular ou Sucesión.net son exemplo de webs que escollían o formato blog para entrar con forza no debate sobre o futuro da formación política, ao tempo que un foro non oficial con dominio semellante ás propias siglas do partido, PPdeG.com, rexistraba unha actividade sen precedentes. En plena loita pola colleita de apoios, até tres dos candidatos a presidir o partido poñían na rede a súa páxina persoal, o máis ambicioso no deseño o candidato lugés Xosé Manuel Barreiro, aínda que só un deles, Alberte Núñez Feijoo, prometendo mantela a xeito de blog, malia que finalmente se convertese nun arquivo de notas de prensa.

Desde outro punto de vista, esta vizosa actividade supuxo a saída á luz con forza de toda unha serie de voces blogueiras do ámbito ideolóxico da dereita que deica ese momento parecía minoritaria na internet galega, a diferenza do que acontecía xa no contorno estatal, onde despois da vitoria do PSOE nas eleccións do 14M en 2004, medrou considerablemente a rede de blogs críticos cos socialistas. Probablemente sería interesante afondar máis nese aspecto, os procesos de cambio político nun contorno dado, local ou estatal, e a maneira en que iso lle afecta á actividade e ás interrelacións dos usuarios da rede e especialmente dos blogueiros. Así, e do mesmo xeito que a "contrainformación" e as visións críticas foran protagonistas na rede galega cando o PP gozaba da hexemonía

política en Galiza, activando arredor dunha crise como foi a do Prestige toda unha serie de bitácoras e webs convertidas en puntos de referencia, desta volta a nacente rede de blogs simpatizantes co PPdeG, amosou por vez primeira a súa capacidade de activarse no contorno doutra crise, esta vez coa recente vaga de incendios.

E despois do proceso sucesorio do PPdeG, atopamos un novo e, aínda que pequeno, significativo exemplo do novo protagonismo da rede en procesos electorais, coincidindo coas eleccións á Universidade de Santiago. Non en van as universidades foron ben importantes no pulo á internet en Galiza, posibilitándolle o acceso á rede con banda larga a milleiros de estudantes, moitos deles batendo por primeira vez coa rede grazas aos campus universitarios. Así, vemos que os dous candidatos saltan á rede con cadansúa páxina persoal, máis ambiciosa no caso de Senén Barro que no de Juan Casares, xa que Barro mesmo incluíu tamén un blog. Á beira, agroman diversos blogs en apoio dun ou doutro candidato, cun vizoso debate durante o tempo que durou a liorta polo poder na institución.

En último término, falaremos doutro momento importante na actividade blogueira en Galiza nos últimos meses. A recente crise de incendios, acontecida en pleno mes de agosto, paradoxalmente un mes onde o número de internautas mingua e a media de visitas en todas as páxinas webs diminúe de xeito importante. E porén, este agosto trouxo ao fío desta crise novos picos de audiencia para os medios dixitais e unha actividade inusual nas bitácoras por este tempo. Interésanos de xeito concreto o acontecido coa activación da rede de acción cidadá Arredemo, herdeira da Burla Negra, grupo integrado na Plataforma Nunca Máis e especialmente activo durante a crise do Prestige. Arredemo xa se movera os anos anteriores contra os lumes, aproveitando a inercia mobilizadora na que se creara, e diante da catástrofe nos montes este mes de agosto de 2006, apadriñou na rede o blog Ardegaliza.info. En pouco tempo, blogueiros

próximos ao PPdeG sorprendéron alugando baixo a mesma denominación o resto de nomes de dominio, Ardegaliza.com e similares, convertidos en agregadores das máis activas bitácoras da dereita galega e reservando un deles para redireccionar cara a web Soscontraolume.com, que promovida por alcaldes do PPdeG, pretendeu ser unha plataforma de mobilización cidadá ao xeito do que o fora Nunca Máis. O acontecido amosa dúas cousas importantes. Dunha beira é o primeiro exemplo importante de que os blogueiros galegos próximos á dereita xa son capaces de responder coa rede como ferramenta de xeito organizado, sumando esforzos e con relativa unidade de criterio, aspecto no que pareceran destacarse até ese momento os blogueiros próximos ás formacións de esquerda. Por outra parte, trátase dun primeiro enfrontamento directo aínda que virtual, entre eses dous posíbeis bloques ideolóxicos de autores. Con todo, blogueiros ás dúas beiras evitan intercambiarse ligazóns e respondérense directamente nos seus artigos. Malia iso, si se producen algunhas intervencións cruzadas, fundamentalmente a través do espazo destinado a comentarios nos posts. De todos os xeitos a norma é que os comentarios sexan de reafirmación e arenga, por parte de internautas que nos dous casos, coinciden ideoloxicamente co autor do artigo. Isto lémbreme a lectura recente dun post de Juan Varela referíndose á detección ás veces dunha "urxencia de autoestima compartida", máis que unha "auténtica acción política" (18).

Ecosistemas separados: Apuntes e tendencias

No momento de pasarmos por estas liñas a última vez (28 de agosto de 2006), só sete blogs se autoinclúen na categoría "Política" do agregador de bitácoras Blogalego.com, non existindo unha categorización similar no agregador Blogaliza.org nin no portal

Blogoteca.com. En Blogalego ademais, un total de 27 posts das bitácoras rexistradas desde o pasado mes de maio inclúen unha etiqueta definida xenericamente como "Política". Con todo, os posts repártense en só 7 blogs diferentes. Para debullar esta reflexión establecéronse unha serie de criterios de escolla, coa fin de establecer unha A-list, cun mínimo de trinta blogs vencellados a cada un dos dous grandes bloques políticos, o conservador representado polo PPdeG e o progresista maioritariamente representado por PSdeG e BNG. Os criterios fundamentaos foron: a análise periódica no contorno de diversos debates de actualidade desde novembro de 2005; expresión explícita de militancia do bitacoreiro; expresión explícita de filias e fobias políticas; posicionamento arredor de temas clave da actualidade; enfrontamentos con outros blogueiros; adscripción a redes de blogueiros autodefinidos ideoloxicamente; ligazóns a outros blogueiros de opinión similar; consideración dentro da comunidade; priorización dos máis significados nos ránkings existentes.

Probablemente a existencia de agregadores de blogs influíu en que a práctica de moitos internautas xa non pase por visitar directamente a web, senón entrar no portal onde pode ver a última hora dos actualizados, e só irá xa que logo a aqueles aos que permaneza máis fiel. E posiblemente iso inflúa tamén no que semella ser unha redución no número medio de comentarios nos artigos. Por outra parte, poderíamos pensar que portais como Blogalego ou Blogaliza contribúen a ampliar a galería de blogs coñecidos polo internauta, e que iso estimularía un maior intercambio entre blogs. Resulta interesante ver que iniciativas como Menéame.net xorden inicialmente con vontade de servir para que os internautas poñan en común ligazóns a artigos de bitácoras que desexen que vexa o resto da comunidade, e pola contra, os links a blogs rematen sendo minoritarios fronte aos que se fan a medios de comunicación ou

outras webs. E o mesmo pasa probablemente co clon galego inspirado nese portal, Chuza.org, onde as ligazóns a novas de medios superan con moito ás propostas de artigos de blogs. Non só os blogs galegos interrelacionan pouco entre eles en cada un dos ámbitos ideolóxicos definidos, senón que mesmo entre os dous grandes bloques políticos dos que falamos o debate é case inexistente. Asimesmo, vemos tamén como o rol das propias bitácoras políticas galegas a nivel da bloguesfera estatal é moi reducido. Poderíamos pensar por unha parte no factor lingüístico, que afastaría os weblogs galegos dese nó, pero é interesante ver o que acontece por exemplo cos blogues próximos ao PPdeG, xa que aínda que maioritariamente os seus autores parecen usar o castelán, permanecen relativamente alleos ao resto dos blogues estatais politicamente próximos. O exemplo recente da crise de incendios amosa que as bitácoras de fóra de Galiza apenas inclúen referencia nin citan ás bitácoras galegas, incorporando referencias en clave estatal e botando man directamente de ligazóns a medios de difusión estatal, un estreito abano da prensa máis próxima ideoloxicamente e sen recorrer aos medios locais aínda e cando o ton da información seleccionada sexa moitas veces maioritariamente similar.

Entre os blogs políticos galegos seleccionados, hai unha serie de trazos xenéricos: non é maioritario o uso de tags, tampouco o establecemento de categorías, e non atopamos en moitas ocasións seccións especificamente bautizadas como "Política". Os blogueiros apenas se citan entre eles, os hipervínculos son maioritariamente cara a medios de comunicación, e poucas veces brincan a outras bitácoras. O número de comentarios é pequeno aínda nos blogs mellor posicionados e non acostuman incluír ligazóns. A maioría non escriben máis dun post ao día, e habitualmente tratan un único asunto central no artigo. A identidade queda maioritariamente oculta

a través de seudónimos. Non é habitual que o blog teña máis dun autor, con algunhas excepcións que comentaremos.

Unha mención aparte merecen as bitácoras dos propios políticos. O deputado socialista coruñés Xosé Manuel Lage foi pioneiro no salto a internet, aínda que con irregular actualización do seu blog, e di ter a convicción de que en catro anos todos os deputados terán presenza activa na rede (19). Coa mesma convicción de ser pioneiro en ermo dixital e agoirando un crecemento espectacular das webs persoais, saltaba á rede en maio de 2005 o deputado popular ourensán Xosé Manuel Baltar (20). Mentres, a nacionalista Carme Adán pechaba a súa bitácora ao rematar a campaña electoral de 2005, o mesmo que o líder do BNG e actual vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana. Nos meses seguintes chegaría a quenda dos alcaldes. Primeiro o socialista Xosé López Orozco (21), alcalde de Lugo, e máis tarde o rexedor do PPdeG en Lalín e presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, Xosé Crespo (22). Especialmente exitosa foi a experiencia do alcalde lugués, no seu momento pioneiro en abrir un chat cos veciños mensualmente a través da web do Concello. Vemos que o blog de Orozco non foi aproveitado deica agora para interrelacionar esas experiencias, e así entre outras cousas, podemos sinalar que: os artigos son xenéricos, de temas alleos á actualidade municipal ou citas de autores dos que gusta o rexedor; non se aproveita para facer balanço dos encontros no chat a través do blog; desaprovéitase tamén a oportunidade de proxectar desde a bitácora da alcaldía aos propios blogs dos veciños incluídos no proxecto Cadernos Cidadáns; todos os artigos do alcalde inclúen un elevado número de comentarios que de momento non son xestionados de ningún xeito, sen referencias ás interpelacións ou temas abertos polos comentadores de artigos anteriores...

Paga a pena parar a falar un pouco máis destes chamados Cadernos Cidadáns (23), xa que se trata dunha experiencia adoptada

por outros concellos galegos, caso dos de Vigo, Arteixo ou Santiago. En concreto, consiste nunha ferramenta fornecida en colaboración coa Axencia Europa Press, coa cal pode crearse de xeito sinxelo un blog que queda aloxado no propio portal. A iniciativa en si, polo que vemos deica agora, ten o seu principal valor nun sentido puramente publicitario, servindo cando menos para difundir a propia existencia dos blogs entre os cidadáns. As súas posibilidades medrarían moito por exemplo se fosen capaces de ser punto de encontro para todas as bitácoras creadas no contorno municipal, independentemente da ferramenta ou portal que as acolla, que calquera puidese rexistrar o seu blog preexistente, ou que alén de ser simple directorio, houbera peneira dos artigos relacionados con temas de interese municipal, e que dalgún xeito, estivesen inseridos nunha estratexia web global do municipio.

Por outra parte, destaca a aparición desde Galiza da Rede de Blogs Socialistas (24), aínda que xurdida con vocación de punto de encontro estatal, que reúne no seu amplo listado un total de 8 bitácoras galegas, non todas individuais, xa que tamén está a das Xuventudes Socialistas de Pontedeume. Fóra desa rede aínda, tamén outras bitácoras colectivas, como a do Grupo Municipal do PSdeG en Sanxenco e a das Xuventudes Socialistas de Compostela, esta última incluíndo catro autores.

Ideoloxía e blogs

O sistema non é tan simple, pero xa que logo, e sendo reduccionistas vimos falando de dous grandes grupos de blogueiros á hora de atender a temas políticos e dependendo da beira na que arredor dos grandes temas da actualidade se posicionan: progresistas e conservadores, a esquerda e a dereita.

No contorno galego, esa polarización quedaría matizada nun triple escenario determinado polas ideas afíns ás tres grandes formacións políticas, PP, PSOE e BNG, así como unha significativa representación no ámbito do independentismo, moi activo en internet. A tradición que o nacionalismo sofre de menor acceso das súas voces aos medios habituais levaríanos a pensar que este contorno político atopa en internet unha canle especialmente axeitada para a expresión das súas ideas. Con todo, desde o punto de vista da promoción do seu discurso a través das novas tecnoloxías, o aparato político fundamentalmente representado polo BNG e os partidos que integran esta organización, ten sido pouco ambicioso no emprego desta ferramenta. Cabe destacar así que a iniciativa tómana fundamentalmente os seus simpatizantes.

O problema do reparto de influencias é múltiple, xa que non ten que ver só coa cantidade de blogs que poidamos definir nun ou outro ámbito, senón tamén nun aspecto cualitativo, que vén dado pola periodicidade das súas actualizacións, polo grao de elaboración das súas contribucións, a oferta de contidos extra ou mesmo polo perfeccionamento do seu deseño ou a adaptación das súas ferramentas.

Volvendo coa crise de incendios recente, a polémica respecto ao número de hectáreas ardidadas acontecida en Galiza, recórdanos en certo modo a un coñecido artigo do New York Times (25) onde se afirmaba, referido ao ámbito estadounidense, que os weblogs conservadores son máis efectivos que os liberais, entendendo liberal no sentido que o fan nos EUA. Daquela tratábase do caso do calote que arredor do demócrata Jon Corzinee estendeu un blog e o dano que isto lle fixo á súa campaña, malia non ser certo o ruxerruxe. Desta volta, a orixe non estivo exactamente nun blog, senón nunha páxina personal que contaba coa beizón dunha empresa apadriñada por un xeólogo. Do pretendido reconto de hectáreas argumentado

fíxose eco a rede de blogs conservadores. O PPdeG encargouse de facelo saltar ao primeiro plano dos medios por boca do seu propio portavoz que erroneamente lle atribuíu os datos directamente á NASA, malia que a propia web da NASA subliñaba que eses mapas non ofrecían datos aplicábeis a un relato de superficie queimada. O equívoco alimentou unha polémica que se estendeu por espazo de case dúas semanas.

Ainda sempre e cando é máis complicado cingir unha bitácora a un ámbito ideolóxico cando non se encontra voluntariamente inserida nunha rede de blogueiros ideoloxicamente homoxéneos, é posible facer algún apunte urxente para dar ideas nas que afondar. Por exemplo, a nosa mostra de blogs de cada un dos dous grandes bloques, amosa que o grao de seguemento do discurso que oficialmente manteñen os seus partidos de referencia é maior entre os blogueiros conservadores, estando os progresistas máis dispostos á discrepancia, aínda sendo ésta ben pequena ás veces. Dalgún modo a práctica do espírito crítico sería así maior nesa esfera. Isto por suposto son casos puntuais, e non explican nada máis que eses momentos concretos, pero son interesantes puntos de partida para afondar. No ámbito dos EUA, estudouse ademais que os simpatizantes mozos dos conservadores se mobilizan en maior número á hora de afiliarse, votar e permanecer politicamente activos (26).

Probablemente sería interesante mirar tamén máis polo miúdo ás posicións tomadas nos momentos inmediatamente anteriores á votación, último treito de precampaña electoral e a propia campaña, como períodos nos que o grao de diverxencia coas posturas oficiais da formación política pola que o blogueiro simpatiza é menor, e pensar que fóra deses treitos temporais, a capacidade crítica aumenta considerablemente.

Xeración Y

Moitos investigadores recoñecen que as perspectivas e escenarios analizados na actualidade no contorno das TIC experimentarán un cambio significativo cando cheguen á madureza as Xeracións que nacen e medran no novo escenario tecnolóxico que vivimos. Tamén no ámbito da relación da política e novas tecnoloxías. Nese sentido, é un fío de interese determinar o impacto que as TIC producen nas prácticas políticas e a súa evolución a partir das xeracións máis novas. No ámbito estadounidense, por exemplo, nas últimas presidenciais os datos dispoñíbeis sobre a idade media dos votantes amosaron cifras importantes. Se ben a participación subiu de xeito notábel, no caso do treito de idade dos votantes máis novos, esa participación incrementouse de forma triple á media (27).

Non será estrano que este factor pase a ser relevante aquí en pouco tempo. Outros estudos apuntan que a fidelización dun mozo ou moza a un partido nese primeiro treito vital, consegue a súa identificación con esa formación política para o resto da súa vida (27). Nese sentido, as enquisas veñen amosando que aí os partidos que agora accederon ao goberno, foron sumando adeptos en maior porcentaxe a cada paso, en detrimento do partido hexemónico. Sería interesante afondar por exemplo nun posible vencello da idade media dos blogueiros galegos (28), e da súa interese no debate das axendas políticas. O decisivo das novas situacións condicionadas polo que se deu en chamar milenaristas ou Xeración Y, non debe desbotarse da análise (28).

Conclusións: A semente democrática

O caso Howard Dean tómase como referencia en moitas ocasións para subliñar o crecente poder das novas tecnoloxías no escenario político. Pola contra, eu quixera usalo aquí para desmitificar as TIC e advertir da medida en que no aspecto concreto do debate sobre os weblogs que aquí nos reúne, é necesario certo grao de escepticismo creativo.

O blogueiro estadounidense Markos Moulitsas, directamente implicado no seu momento no proxecto político de Howard Dean, ofrécenos un magnífico argumento: "a compoñente internet fixo o que se esperaba que fixera (...) que máis podía facer, levar a xente a votar?" (29). Unha idea similar sae de palabras de Dick Bell, do equipo de John Kerry, que ao fío das promesas tecnolóxicas para a democracia, suspira: "se cambiar o mundo fora tan fácil!" (30). Complementarei isto con comentarios de Simon Rosenberg, quen competiu con Dean posteriormente polo liderado do propio Partido Demócrata, e que rematou retirando a súa candidatura para apoiar ao seu rival, explicando a súa vontade de unirse a el na necesidade de revitalizar o partido con especial atención ás bases e reflexionando sobre a axenda estratéxica dos demócratas, aspectos onde Howard Dean se amosara ambicioso. Rosenberg insinúa ao respecto que do mesmo xeito que as actitudes dos cidadáns respecto a como debe ser a política están mudando, tamén a política debe evolucionar en paralelo (31).

O escenario político caracterizouse deica agora pola atención dos gabinetes dos líderes políticos aos grandes centros de poder empresariais e mediáticos. Lance Price, que logo de saír do equipo de Tony Blair escribiu polo miúdo sobre iso no seu traballo, e referiuse á influencia de Rupert Murdoch na axenda dos laboristas británicos (32). Coa chegada das bitácoras, podíamos ter a tentación de pensar

na aparición de algo así como os 'little brothers', os pequenos irmáns bitacoreiros, diante dos 'big brothers', ou tradicionais xigantes dos media, malia que isto, e recuperando o estudo de Canavilhas ao comezo mencionado, non sería así, xa que veríamos que os blogs non xeran novos actores e continúan dependendo da influencia e a interrelación cos medios tradicionais. Do blog de Juan Varela teño recollido unha interesante estrutura sobre o "despegue dos blogs como ferramenta política". Varela fala de catro fases: 1. Blogs como prescriptores políticos alternativos aos media tradicionais; 2. Aparición de comunidades de cidadáns que discuten espontaneamente acontecementos políticos a través dos medios participativos; 3. Aparición de comunidades políticas afíns ideoloxicamente arredor de medios sociais; 4. Os políticos usan os medios sociais como ferramentas de comunicación e márketing político. Alén de completarse a aparición de todas elas, semella que cada unha delas vén evoluíndo en distinto grao e en contornos diversos.

Á hora de louvar con insistencia o novo protagonismo cidadán, hai autores como Peter Levine que nos axudan a poñer os pés no chan, avisando por exemplo que internet como lugar de encontro masivo é problemático, porque os internautas acceden preferentemente ás informacións que xa están predispostos a oír, e sinala á beira que a crise de autoridade dos líderes e os partidos ten unha dimensión desacougante. Opina Levine que os cidadáns tamén se benefician das regras e disciplina das institucións políticas tradicionais (33). Por iso insisto en que todo é moito máis complexo neste novo escenario.

Eu gusto de advertir fronte á mitificación tecnolóxica e falar das ferramentas TIC en tanto que catalizadores de procesos máis complicados. Xa que logo, o protagonismo blog é moitas veces máis un desexo que unha realidade e probablemente sexa complicado, e máis neste momento, establecer unha receta fácil do seu impacto no

escenario político. Sempre e cando non lembremos que as mellores respostas aparecerán da súa importancia como factor asociado a outros elementos non menos relevantes, formando un conxunto complexo que debe entenderse en canto ás súas relacións.

A ausencia de estratexias globais para o desenvolvemento das TIC é un obstáculo importante, e pensemos que Galiza foi, situación inédita a nivel europeo, un país que na actualidade aínda non dispón do seu plan para o desenvolvemento da sociedade da información. Non se trata de receitas máxicas, pero si dun guieiro inicial decisivo, que contemple esa complexidade de factores interrelacionados, moito máis aló dos estritamente tecnolóxicos, será moi importante, incorporando factores sociais, culturais, económicos, políticos... Tamén o ingrediente blog, que en definitiva e na súa propia e simple existencia é expresión dunha actitude fronte á realidade próxima e non un simple caderno en internet. O debate aberto por diante para os anos que veñen é atractivo e vizoso. Reflexionemos e blogueemos para debullalo.

Referencias:

- 1) ADAMIC, Lada e Glance, Natalie - The political blogosphere and the 2004 US election: divided they blog. 2005
<http://www.blogpulse.com/papers/2005/AdamicGlanceBlogWW.W.pdf#search=%22The%20political%20blogosphere%20and%20the%202004%20U.S.%20election%3A%20divided%20they%20blog%22>
- 2) CLIKZ - Study Bolsters Blog-Related PR Practices
<http://www.clickz.com/showPage.html?page=3514176>
- 3) CANAVILHAS, João - Blogues políticos em Portugal: O dispositivo criou novos actores?
<http://www.bocc.ubi.pt/pag/canavilhas-joao-politica-e-weblogs.pdf#search=%22%22blogues%20pol%C3%ADticos%22%22>
- 4) DREZNER, Daniel W. and Farrell, Henry - The power and politics of blogs:
<http://queensu.ca/politics/pols313/blogs.pdf>
- 5) TRENT LOTT – Controversy and resignation
http://en.wikipedia.org/wiki/Trent_Lott
- 6) ESCOLAR, Ignacio - Escolma de blogs politicos
http://www.escolar.net/wiki/index.php/Blogs_pol%C3%ADticos
- 7) ESCOLAR, Ignacio – Política en red, en La blogosfera hispana: pioneros de la cultura digital. 2004
- 8) EL MUNDO - Diputados enganchados
<http://www.elmundo.es/documentos/2005/09/espana/congreso/test.html>
- 9) VIEIROS - As estatísticas da fenda dixital galega
<http://www.vieiros.com/publicacions/nova.php?Ed=42&id=45657>
- 10) AS WEBS DOS PRINCIPAIS PARTIDOS GALEGOS:

- PPdeG: <http://www.PPdeGalicia.com/>
PSdeG: <http://www.PSdeG-psoe.org/>
BNG: <http://www.bng-galiza.org/>
- 11) VIEIROS - Palabras Candidatas: Vieiros especial eleccións 2005
<http://www.vieiros.com/g2005/weblogs.php>
 - 12) ROMERO, Daniel e Vaquero, Isabel - Os partidos políticos e a rede, 24-6-99
<http://www.galego21.net/nos/redada/eleccions.pdf>
 - 13) BONCHEK, M.S. - Grassroots in Cyberspace: Using Computer Networks to Facilitate Political Participation. 1995
 - 14) NORRIS, Pippa - Building Knowledge Societies: The renewal of democratic practices in knowledge societies (UNESCO World Report) 2004
 - 15) ELECCIONESGALLEGAS.COM
<http://www.eleccionesgallegas.com/summary.php?op=BlogList>
 - 16) VARELA, Juan - El año de los blogs políticos
<http://periodistas21.blogspot.com/2005/03/el-ao-de-los-blogs-politicos.html>
 - 17) GARRIDO, Fernando – I Enquisa a blogueiros galegos
http://www.cibersociedad.net/actividades/informe_enquisa_2006.pdf#search=%22Enquisa%20blogueiros%20galegos%20%22
 - 18) VARELA, Juan - Ciberpolítica para una mejor democracia
<http://periodistas21.blogspot.com/2006/06/ciberpolitica-para-una-mejor-democracia.html>
 - 19) VIEIROS - Os nosos 'blogueiros' falan de política e novas tecnoloxías, en Vieiros
<http://www.vieiros.com/nova.php?Ed=1&id=43629>
 - 20) PP OURENSE
<http://www.ppourense.com/nxxx06/Entrevistas/entrevManuel.htm>
 - 21) WEB XOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, alcalde de Lugo

- <http://www.joselopezorozco.com/>
- 22) WEB DE XOSÉ CRESPO, alcalde de Lalín e presidente da Fegamp
<http://www.pepecrespo.net/>
- 23) CADERNOS CIDADÁNS
<http://www.cuadernosciudadanos.net/>
- 24) REDE DE BLOGS SOCIALISTAS
<http://www.redblogsocialistas.org/>
- 25) CROWLEY, Michael - Conservative Blogs are More Effective
<http://www.nytimes.com/2005/12/11/magazine/11ideas1-11.html?ex=1291957200&en=04a1631bcfa1479e&ei=5090&partner=rssuserland&emc=rss>
- 26) GOLDFARF, Zachary A. - Parties Scramble for Youth Vote
http://www.washingtonpost.com/wp-dyn/content/article/2006/07/15/AR2006071500685_2.html
- 27) GOLDFARF, Zachary A. - Parties Scramble for Youth Vote
<http://www.washingtonpost.com/wp-dyn/content/article/2006/07/15/AR2006071500685.html>
- 28) PARA AMPLIAR SOBRE A "XERACIÓN Y"
http://scenariothinking.org/wiki/index.php/Increasing_influence_of_Millennials
http://en.wikipedia.org/wiki/Generation_Y
- 29) WEBLOG DE MARKOS MOULITSAS
<http://www.dailykos.com>
La política por internet ha muerto, larga vida a la política por internet, en Periodistadigital.com
http://www.edemocracia.com/ePolitica/howard/Howard_Dean/HD005.html
- 30) BELL, Dick. Comentario completo en:
<http://www.bopnews.com/archives/000228.html>

- 31) ROSENBERG, Simon - El artículo de despedida está en la portada de la que fue su web oficial en campaña, activa en el momento de escribir estas líneas: <http://www.simonforchair.org/>
- 32) PRICE, Lance - Rupert Murdoch is effectively a member of Blair's cabinet
<http://www.guardian.co.uk/commentisfree/story/0,,1810266,00.html>
- 33) LEVINE, P. - "Can the Internet Rescue Democracy? Toward an On-line Commons".
<http://www.peterlevine.ws/Internetdemocracy.htm>

A data de 28 de agosto de 2006 confirmouse que todas as ligazóns citadas funcionaban correctamente.